

PRESIDENTA:

Dona M^a Victoria Alonso Méndez

VOGAIS:

Dona Olga M^a García Ballesteros
 Dona Raquel Giráldez Armas
 Dona Ana María Mejias Sacaluga
 Dona Iria Lamas Salgueiro
 Dona Ana Laura Iglesias González
 D. Santos Hector Rodriguez Díaz
 D. Gorka Gómez Díaz en substitución
 de Dona Noemí Outeda Prol
 Dona María Paz Lago Martínez
 D. Jorge Cubela López
 D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
 D. Javier Tourís Romero
 D. Ignacio Maril Pardo
 D. José Carlos López Campos
 D. José Alfonso Marnotes González
 D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo
 Dona María Ortega Iñarrea

**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA
COMISION INFORMATIVA DE
IGUALDADE CELEBRADA O DIA 18 DE
NOVEMBRO DE 2022**

En Pontevedra, sendo as doce horas e trece minutos do día 18 de novembro de 2022, reúnense na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona María Victoria Alonso Méndez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade.

Actúa como Secretaria, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Dona. Lucía Muradas Arcay, Xefa do Servizo de Igualdade.

Aberta a Sesión pola Presidencia,

adoptáronse os seguintes acordos:

**1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 21 DE
OUTUBRO DE 2022.**

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 21 de outubro de 2022.

**2. DAR CONTA DA OITAVA EDICIÓN DO PROGRAMA MULLERES EN ACCIÓN.
VIOLENCIA ZERO (Código de Expediente 2022065876)**

A xefa do Servizo de Igualdade elabora un informe con data 15 de novembro de 2022, sobre a VIII Edición do Programa Mulleres en Acción. Violencia Zero, cuxo contido literal é o seguinte:

"A violencia de xénero constitúe unha das mais graves vulneracións dos dereitos fundamentais das mulleres, en particular do seu dereito a vida, a liberdade, a dignidade e a seguridade.

Tal e como recolle a Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller ratificada pola asemblea da ONU en 1993, defínese a violencia contra a muller como "todo acto de violencia que teña



ou puidera ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, tanto si se produce na vida pública como na vida privada”.

Seguindo o indicado no artigo 9.2 da constitución, os poderes públicos teñen a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas, e de remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude. Así correspóndelle a prevención, detección, atención e erradicación deste tipo de violencia e a adopción de medidas para facer efectivos e reais os dereitos fundamentais das mulleres. A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, recolle no artigo 3.2, que os poderes públicos no marco das súas competencias, impulsarán campañas de información e sensibilización específicas con fin de prever a violencia de xénero.

Polo que respecta a Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, nos artigos 4, 6 e 8, indica que esta lei ten un carácter integral, que implica de xeito coordinado as diferentes administracións que teñen un papel destacado na prevención e no tratamento da violencia de xénero. Ao tempo que recolle a obriga de deseñar elaborar e difundir campañas de sensibilización que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas e que incidan no rexeitamento social sobre as formas da violencia de xénero. Se impulsarán todo tipo de manifestacións culturais e artísticas que potencien aspectos recollidos na lei, nas que se propoñan estratexias ou espazos dirixidos a sensibilizar a sociedade na prevención e no tratamento da violencia de xénero.

En concreto, polo que atinxe as administracións, as entidades locais teñen unha especial relevancia pola súa proximidade a cidadanía e polos efectos das políticas locais na convivencia social.

Dende hai mais de 20 anos, o 25 de novembro conmemorase o Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero, instaurado pola asemblea xeral das nacións unidas para sumar tódalas voces da comunidade internacional fronte da violencia que sofren as mulleres. A conmemoración deste día debe servir a sociedade para recordar que calquera tipo de violencia sobre a muller supón unha vulneración atroz dos dereitos humanos non só das mulleres, senón tamén dos seus fillos e fillas vítimas directas desta violencia.

O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión, extraordinaria do día 28 de outubro de 2015 aprobou por unanimidade a moción relativa á marcha estatal contra as violencias machistas do 7 de novembro de 2015, na que se acorda entre outros aspectos:

- Colaborar cos concellos da provincia para acadar unha atención estable e de calidade, en condición de ampla accesibilidade, confidencialidade, protección e anonimato, que inclúa a rehabilitación,*



avaliación e seguimento, o que leva á xestión pública directa dos servizos para a igualdade e contra a violencia de xénero.

- *Fomentar a sensibilización contra o sexismo na actividade cultural, de organización de festexos, de seguridade e convivencia e todas as actuacións e servizos de competencia da Deputación Provincial de Pontevedra.*

- *Erradicar o sexismos, a segregación, o acoso e os estereotipos sexuais en todas as actuacións do ente provincial.*

Un ano mais, dende A Deputación de Pontevedra quérese conmemorar o Día contra a Violencia Machista coa posta en marcha de accións de sensibilización a desenrolar en 25 concellos da provincia. Tras sete edicións, mais de 175 creadoras, protagonistas de mais de 175 accións artísticas con perspectiva de xénero que amosaron as diferentes formas de violencia que se exerce sobre as mulleres, ao tempo que reivindicaron a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, implicando de forma activa a milleiros de persoas, a proposta dende o Servizo de Igualdade é levar a cabo unha nova edición. A oitava edición do Programa Mulleres en Acción Violencia Zero, un programa de sensibilización que terá o seu punto de partida o mesmo día 25 de novembro de 2022 pero que perdurará no tempo, e dicir, manterase activo durante todo o ano para prorrogar así a reflexión na cidadanía.

#ViolenciaZero xa é unha iniciativa coñecida e recoñecida, que chega ós diferentes públicos, a loita contra a violencia machista se manifesta na performance, na poesía, na danza, na música, no teatro e no graffiti, para provocar unha reacción social cara esa lacra que só poderemos parar entre todas e todos.

Ó igual que nas pasadas edicións, está previsto levar a cabo dúas accións artísticas por mes en diferentes concellos da provincia, realizándose na sede a concretar cos mesmos. Con tal motivo ademais das accións artísticas, recollerase en fotografía e vídeo a posta en escena nos diferentes espazos para elaborar unha peza audiovisual que estará a disposición de cada un dos concellos. Deste xeito a acción perdurará no tempo o longo dun ano dende o mes de novembro de 2022 ata o mes de novembro de 2023 onde rematará o programa cunha acción final.

*Para esta VIII edición, propoñemos manter os procesos participativos (recuperados recentemente tras a Covid), coa programación dalgunhas pezas con obradoiro previo e propoñemos recuperar a precursoras do programa (artistas que fixeron emerxer e crecer #ViolenciaZero) e xerar alianzas entre elas e con novas colaboradoras, ideando xuntas pezas inéditas con dúas funcións en dous concellos: **ARTISTAS ALIADAS.***



Os concellos e as artistas participantes son as seguintes:

- *NOVEMBRO 2022*

PONTEVEDRA Raquel Oitaven & Mercé Sole & Mónica de Nut

VIGO Iria Sobrado & Ana Gesto & Helena Salgueiro

- *DECEMBRO 2022*

BARRO María Move / Ana Abad

ARBO María Move / Ana Abad

- *XANEIRO 2023*

AS NEVES Ruth Balvís / Verónica Moar

CANGAS Ruth Balvís / Verónica Moar

- *FEBREIRO 2023*

PONTE CALDELAS Diana Bama

A CAÑIZA Amaia Urrazola

- *MARZO 2023*

O GROVE Xela Marx / Maya Marx

NIGRÁN Neves Seara / Elsa Pereira

- *ABRIL 2023*

GONDOMAR Lily Brick

MOS Chelo do Rejo & M^a Ángeles Iglesias & Anabell Gago

- *MAIO 2023*

OIA Chelo do Rejo & M^a Ángeles Iglesias & Anabell Gago

BAIONA Nerea Brey / Míriam Rodríguez

- *XUÑO 2023*

O ROSAL Nerea Brey / Míriam Rodríguez

CAMBADOS Sofía Espiñeira / MJ Pérez

- *XULLO 2023*

MARÍN Sofía Espiñeira / MJ Pérez

TUI Margarida Mariño / Laura Iturralde

- *AGOSTO 2023*

POIO Margarida Mariño / Laura Iturralde

A LAMA Mónica Mura / María Bueno



- SETEMBRO 2023

SILLEDA *Mónica Mura / María Bueno*

VILAGARCÍA DE AROUSA *Montse Piñeiro / Cristina Bolívar*

- OUTUBRO 2023

CALDAS DE REIS *Montse Piñeiro / Cristina Bolívar*

FORCAREI *Carmen Conde / Vero Rilo*

- NOVIEMBRE 2023

RIBADUMIA *Carmen Conde / Vero Rilo*

A Comisión Informativa de Igualdade queda enterada do contido de dito informe

3. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce horas e vinte e catorce minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

